

**Primeiro
semestre
2019**

Auditorio Municipal
Gustavo Freire
LUGO



PROGRAMA **Artes**
Escénicas +
XIX Mostra de
Teatro Clásico



Concello de Lugo

Ven;
é
Lugo

Calendario programación



Horarios habituais (* salvo indicados no calendario):

● **Familiar: 18.30 h.** ●●●● **Adultos: 20.30 h.**

2 febreiro

CHÉVERE

Eroski Paraíso

Teatro Adultos en convenio coa Agadic

Páx. 5

9 febreiro

PENTACIÓN

Fedra

Teatro Clásico

Páx. 23

10 febreiro

LARRAITZ URRUZOLA

A viaxe de Rosalía

Teatro Familiar en convenio coa Agadic

Páx. 13

9 marzo

MARKELIÑE

Euria

Teatro Familiar en convenio coa Agadic

Páx. 15

10 marzo

ÍTACA TEATRO

Cinco minutos sen respirar

Teatro Adultos en convenio coa Agadic

Páx. 7

16 marzo

* ás 20.00 h.

GUSTAVO ALMEIDA

Presenta 4º disco

Música / Concerto

Páx. 9

22 marzo

VÍCTOR MANUEL

Casi nada está en su sitio

Música / Concerto

Páx. 34

23 marzo

COPRODUCCIÓN CENTRO DRAMÁTICO NACIONAL E OCTUBRE PRODUCCIONES

Si no te hubiese conocido

Teatro

Páx. 31

7 abril

OS MONICREQUES DE KUKAS

Arlequina

Teatro Familiar en convenio coa Agadic

Páx. 17

13 abril

ATALAYA TEATRO

Rey Lear

Teatro Clásico

Páx. 25

27 abril

FRAN SIEIRA

EntreSoños

Teatro Adultos en convenio coa Agadic

Páx. 11

2 maio

CONTRA PRODUCCIONES

Commedia

Teatro Clásico

Páx. 27

18 maio

LEILÍA

Cantar-Elas (30 anos de Leilía)

Música / Concerto

Páx. 35

19 maio

* 17.30 e 18.30 h.

BABALUVA

A Alfombra Máxica

Teatro Familiar en convenio coa Agadic

Páx. 19

25 maio

RAFAEL AMARGO

Dionisio

Clásico / Danza

Páx. 29

30 maio

PENTACIÓN

Cinco horas con Mario

Teatro

Páx. 33

9 xuño

A TRASTENDA DOS CONTOS

Unhas gafas coma as do avó

Teatro Familiar en convenio coa Agadic

Páx. 21

Teatro



2 febreiro
CHÉVERE

Eroski Paraíso

Dirección:

Xron

Elenco artístico:

Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira,
Cristina Iglesias, Luis Martínez, Fidel Vázquez

Duración:

90 min.

Eroski Paraíso é a primeira produción de Chévere despois de recibir o Premio Nacional de Teatro. Trátase dun proxecto escénico construído sobre a promesa dun paraíso social feita por un Estado de Benestar que agora se desmorona.

O paraíso prometido era en realidade un gran hipermercado. Este é o retrato dunha xeración que tivo todo ao alcance da man e andou pola vida como se andase polo corredor dun supermercado, sometida ás mesmas técnicas de márketing que se usan para

influír nas decisións de compra dos consumidores.

Eroski Paraíso é a historia de alguén que non parou en ningures para volver ao mesmo punto de partida, como se tivese estado parada exactamente no mesmo lugar mentres todo se transformaba ao seu redor. Unha maneira coma calquera outra de retratar o desarraigo que arrastrou a unha parte da nosa sociedade fóra da súa casa, da súa paisaxe, da súa fala, dos seus costumes, dos seus afectos, da súa comunidade de orixe e da súa propia memoria.

Teatro



**“A poesía é a única proba
concreta da existencia do home”**

Luis Cardoza y Aragón

10 marzo

ÍTACA TEATRO

Cinco minutos sen respirar

Dirección:

Carlos Neira

Elenco artístico:

Elea López, Carlos Rebolo

Duración:

75 min.

Cinco minutos sen respirar retrata os anhelos, o medo e a escuridade que pode albergar unha persoa a través de dous personaxes: Margarita, unha (ex) empregada de banca, e Víctor, supervisor nun supermercado. A montaxe é unha proposta baseada no traballo de interpretación e cunha dirección escénica

que incide nos delirios e nas dualidades propias do mundo de hoxe. Cinco minutos sen respirar fala da vida, dos abusos bancarios, do amor, da explotación laboral, do suicidio, da familia, da violencia... e de tantas outras cousas que non dá tempo a resumilas en cinco minutos.

Música



16 marzo

*** ás 20.00 h.**

GUSTAVO ALMEIDA

Presentación 4º disco

Duración:
80 min.

Concerto en formato banda, onde Gustavo, ademais de pola súa guitarra, estará acompañado por batería, percusión, baixo, teclado, guitarra acústica, guitarra eléctrica, metais e coros.

Un formato que permite respectar ao 100% a sonoridade do disco, coa dinámica e a versatilidade moi características de Gustavo Almeida.

Cuarto disco:

2019, ano en que por fin sae á luz o tan esperado cuarto disco do cantante e compositor galaico-brasileiro Gustavo Almeida.

Un álbum gravado en Valencia, baixo a dirección de Nacho Mañó, recoñecido produtor de artistas como Alejandro Sanz, Niña Pastori, Presuntos Implicados, entre outros...

Este disco supón un importante paso na carreira de Gustavo Almeida, tanto pola solidez do repertorio, como pola excelencia da gravación.

Este disco xa tivo 3 adiantos nas plataformas dixitais. “Fue de repente”, “El cielo siempre se abre” e “Foi de repente”. Este último estivo recentemente preseleccionado para os LATIN GRAMMY 2018 na categoría “Gravación do ano”.

Danza



27 abril

FRAN SIEIRA

EntreSoños

Dirección:

Fran Sieira, David Vilaríño

Elenco artístico:

Fran Sieira, Xisco Feijóo, Aida Tarrío

Duración:

70 min.

EntreSoños é unha obra de baile e música tradicional galega de 70 min de duración, cun elenco artístico de 3 bailaradores/cantadores: Fran Sieira, Aida Tarrío e Xisco Feijóo, ao son da música do compositor e músico multidisciplinar Anxo Pintos, todo isto dentro dun marco escénico deseñado por Vanesa Hernández (escenografía) e Luis Perdiguero (iluminación), e vestuario deseñado por Alessio Meloni, e dende unha visión contemporánea a través dos ollos do director artístico David Vilaríño (bailarín contemporáneo e coreógrafo).

Nesta obra poderemos ver en escena a figura dunha persoa deitada, inmersa nun profundo

soño. Pero lonxe de conseguilo é invadida por milleiros de pensamentos e inqedanzas. Dentro dos seus soños cobra vida esa valentía por conseguir todo o que se propoña, pero tamén o fan as súas debilidades, medos e frustracións. Unha loita por alcanzar ou dar vida a eses soños que nunca puido ou se atreveu a levar a cabo, á vez que os medos e inseguridades o invaden dicíndolle que non son máis que soños que desaparecerán cando esperte... escenificando deste xeito encrucilladas nas que cada un de nós nos vimos envoltos nalgún momento das nosas vidas. Esas ganas de perseguir os nosos soños e inqedanzas e eses medos que nos paralizan e non nos deixan avanzar...

Teatro con monicreques



10 febreiro

LARRAITZ URRUZOLA

A viaxe de Rosalía

Dirección:

Pepe Penabade Outeiro

Elenco artístico:

Larraitz Urruzola Tolosa

Duración:

50 min.

Dirixido a público infantil de 5 a 12 anos

A protagonista desta viaxe é Rosalía de Castro, que vén coa súa madriña Francisca. Xuntas contarán pasaxes da vida da artista e algúns dos seus poemas, da man da actriz e titiriteira Larraitz Urruzola.

Utilízanse títeres de mesa, onde o traballo de manipulación se fai á vista, creando diálogo entre actriz-títere-público-actriz.

Nesta proposta hai ampla versatilidade

á hora de crear personaxes e dinámicas de interrelación co espectador. Aplicando as ferramentas da narración oral tradicionais, xógase a crear atmosferas poéticas, situacións que xorden da transformación dos obxectos e espazos. Todo isto contribúe a iniciarse no mundo da poesía, dos contos e do teatro a través da inventiva, da creación efémera e espontánea.



9 marzo

MARKELIÑE

Euria

Dirección:
Markeliñe

Elenco artístico:

Fernando Barado, Nerea Martínez, Natalia García,
Itziar Fragua, Ioar Fernández

Duración:
60 min.

Dirixido a público infantil de máis de 6 anos

Euria (choiva) fala do que nos pasa cando algo ou alguén a quen queremos xa non está. E de todo ese fastidioso tempo que necesitamos para entender e aceptar que algo cambiou.

Euria (choiva) está feito con: gotas de auga, un paraguas colorado, unha caixa de ferramentas, bágoas gardadas nos

caixóns, 4 acrobacias, outro paraguas abandonado e roto, acenos fermosos nunha canción triste, un ferro de pasar louco, un espertador de moitos recordos, unha ventá ao exterior e un sol debuxado.

E, mesturándoo todo de maneira máxica, parece que falamos, á fin, da nosa capacidade de superación.

Teatro con monicreques



7 abril

OS MONICREQUES

DE KUKAS

Arlequina

Dirección:

Isabel Rey, Kukas

Elenco artístico:

Jorge Casas, Isabel García, Borxa Insua, Marcelino de Santiago, Larraitz Urruzola, Ero Vázquez

Músicos: Joan Ibáñez, Benjamín Iglesias, Alex Salgueiro, Antonio Suárez, David Villa

Duración:

60 min.

Dirixido a público infantil a partir de 4 anos, ata 100

Espectáculo de gran formato dirixido a todos os públicos que combina o traballo de actor e a pantomima coa animación de marionetas e a maxia coa música en directo nun espazo escénico polivalente e suxestivo no que todos os elementos forman parte da divertida, misteriosa e trepidante aventura que supón a viaxe dunha peculiar e curiosa marioneta chamada Arlequina na busca da súa identidade contando para iso coa axuda de Marchelino, un vello e estrafalario artista e titiriteiro.

Con este espectáculo créanse sinerxias de colaboración e creación con e entre diferentes artistas que nos últimos anos teñen traballado en diferentes espectáculos dos Monicreques de Kukas e que ao mesmo

tempo manteñen liñas de traballo propias como Zoar Ensemble, Teatro de marionetas Trécola, Títeres Alakrán, Jorge Casas Caneiro, Miguel Cabaleiro e Larraitz Urruzola para coa súa achega propia e baixo a dirección escénica e artística de Isabel Rey e Marcelino de Santiago crear un espectáculo cunha posta en escena moi coidada tanto dende o punto de vista dos recursos plásticos como dos musicais, sonoros, luminosos, técnicos e escénicos co que celebrar e festexar o 40 aniversario da compañía.

No ano 1979 Marcelino de Santiago e Isabel Rey fundan Os Monicreques de Kukas, a compañía de teatro de marionetas máis antiga de Galicia e unha das máis estables do teatro galego.

Teatro para bebés

19 maio

*** 2 pases: 17.30 e 18.30 h.**

BABALUVA

A alfombra máxica

Dirección:

Nekane Fernández

Elenco artístico:

Mirari Urruzola

Duración:

40 min.

Dirixido a público infantil de 0 a 3 anos.

25 bebés por función e os acompañantes que o desexen



A alfombra máxica

é un lugar de libre experimentación, unha alfombra táctil, sonora e olfactiva onde a artista plástica convida aos máis pequenos a mergullarse nunha viaxe sensorial. Xuntos descubren o pracer de apalpar, manipular, escoitar, ver, saborear...

Unha invitación a xogar e experimentar con todo o corpo.

Monicreques, música e outras sorpresas viaxarán cos máis pequenos e cos seus acompañantes adultos por un mundo de emocións e sensacións.

Teatro en lingua de signos-oral



9 xuño

A TRASTENDA DOS CONTOS (CAXOTO)

Unhas gafas coma as do avó

Dirección e elenco artístico:

Felipe Díaz (Caxoto), Gema Santos Custodio

Duración:


50 min.

Dirixido a público infantil de 4 a 10 anos

Laura é unha nena moi bulideira que todo o tempo anda á procura de aventuras que vivir. No xardín da súa casa xoga ao seu xogo favorito: soñar cos ollos abertos. Desta maneira pode explorar mundos lonxanos inimaxinables construídos dende a súa atolada imaxinación. Un día sente curiosidade polas gafas do seu avó; cómo se verá a través delas? O que comeza sendo unha pequena trasnada acaba por converterse na maior de todas as aventuras.

Unhas gafas coma as do avó é un espectáculo inclusivo, en lingua oral e lingua de signos. Nel as dúas linguas mestúranse creando un espazo inclusivo para persoas xordas e oíntes; a palabra falada e a palabra signada míranse de igual a igual. Trátase dunha oportunidade que terán as persoas oíntes para coñecer a “cultura xorda” e así mesmo unha oportunidade para as persoas xordas de participar dun espectáculo feito á súa medida.

Teatro clásico



9 febreiro

PENTACIÓN

Fedra,

de Paco Bezerra

Dirección:

Luis Luque

Elenco artístico:

Lolita Flores, Juan Fernández, Crispulo Cabezas,
Michel Tejerina, Tina Sáinz

Duración:

90 min.


Qué debería pesar máis: pensar ou sentir?

Tradicionalmente, este é o conflito interno ao que sempre tivo que enfrontarse **Fedra**, unha personaxe que, atrapada nas redes da traxedia, debátese e non se pode decidir. E isto mesmo é o que a rematou convertendo nunha personaxe un tanto inactiva; alguén que, incapaz de elixir, decídese por darlle a man á morte coma a mellor das opcións.

O que se quixo con esta Fedra é sacar á personaxe dese letargo no que sempre se encontrou para crear unha muller máis combativa e con menos medo; unha persoa que, fuxindo da traxedia, se mergulle de cheo nela e pelexe fronte a fronte;

unha muller exenta de culpa, capaz de loitar polo que quere e que, ante todo, se atreva a amar.

Por iso, a escenografía elixida é un lugar emocional, un lugar tan grande coma un volcán na metade dunha illa rodeada por un mar antigo. Un espazo que é unha fenda no peito, un oco pol que se saíu o corazón da nosa protagonista. Unha posta en escena onde as artes visuais e a música serán vehiculares desta historia violenta. Unha Fedra contemporánea que nos veña falar sen atrancos e sen temor da liberdade de amar. Entender as razóns do seu corazón para aprender a respectarnos e, desta forma, mellor amarnos. Converter o noso auditorio no peito de Fedra e refuxiarnos nel. O volcán está a punto de entrar en erupción!



13 abril

ATALAYA TEATRO

Rey Lear

Dirección:

Ricardo Iniesta

Elenco artístico:

Carmen Gallardo, Joaquín Galán, María Sanz, Raúl Vera, Elena Aliaga, Silvia Garzón, Lidia Mauduit, José Ángel Moreno, Javi Domínguez

Duración:

100 min.

Rey Lear baséase nun conto popular que aparece incorporado á historia antiga de Inglaterra desde o século XII. Contan as crónicas que o vello Lear quixo coñecer o grao de afecto das súas tres fillas para designar sucesora a quen máis o quixera. Dúas desfixéronse en gabanzas e a menor contestoulle que o quería como pai e nada máis. Parecelle pouco ao rei, que a castigou.

O tempo e as peripecias virían demostrar máis tarde que era a única digna do trono que, por fin, tras unha guerra coas irmás, conseguiu. Shakespeare amplía e transforma a trama, infundíndolle unha visión persoal. Paralelamente á propia historia de Lear, plasma a de Gloucester e os seus fillos. O resultado supón unha experiencia extrema de dor, loucura e destrución expresada cruamente e sen reservas.



2 maio

CONTRA PRODUCCIÓNS

Commedia

Dirección:

Cándido Pazó

Elenco artístico:

Víctor Mosqueira, Marcos Orsi, Nuria Sanz,
Sergio Zearreta, Avelino González, César Goldi

Duración:

90 min.

Arlecchino encontra unha carta de amor no mandil da súa muller e, erradamente, pensa que ela o engana. Quere matarse, pero deteno unha misteriosa voz que lle dá un anel máxico que fai perder a memoria a quen o pon. Arlecchino esquece todo, pero tamén a noción das convencións sociais.

Humor, acrobacias, música en directo, diálogos mordaces, teatro físico, canto e baile sucederanse entre divertidos equívocos e enxeñosos enredos arredor do amor romántico e dos riscos da sinceridade, coa participación das principais

figuras da “commedia dell’arte”: o cutre taberneiro, o pedante Dottore, o avaro Pantalone, o fanfarrón Capitano, a encantadora Arxentina...

Vinte e cinco anos despois da súa primeira estrea, esta obra considérase un dos fitos do teatro galego polo éxito e repercusión que tivo hai 25 anos na escena galega e pola súa presenza en escenarios de España e mesmo internacionais. A compañía Contraproducións revisita esta explosiva obra co mesmo director, Cándido Pazó, e case o mesmo equipo creativo, celebrando esa festa teatral.

25 maio

COMPañÍA DE
DANZA-TEATRO

RAFAEL AMARGO

Dionisio, la vid... y mil noches

Dramaturxia e dirección:

Isdel Pablo Mori

Dirección, espazo e imaxes:

Rafael Amargo

Intérpretes:

Rafael Amargo, Hernán Piquín, Luciana Bongianino, Lucía Ruibal, Cecilia Sarli, Iñaki Márquez, Carlos Fuentes, Agustín Barajas, Benjamín Leiva, Rosana Romero, María Sandra Hita, J. C. Sánchez Quesada, J. Carlos Nieto, Laura Llauder, Juan Manzano, Diana Noriega, Álex Zapata, Nora, Amador Piulestan, Mario Parrana, Tomatito fillo, Lucky Losada, Antonio Losada, Carmina Cortés, Genara Cortés, Ángela Bautista, Kiki Cortiñas, Morenito de Illora, Morenito hijo

Duración:

90 min.

Idade recomendada, a partir de 16 anos



Dionisio é o deus grego do teatro, o viño, a éxtase e a fertilidade. De todos os inmortalis que integraban o convencional panteón helénico, é con moito o que gozou de máis longa vida; a súa presenza está xa testemuñada nos primeiros documentos escritos en lingua grega (as tabliñas micénicas de hai máis de tres mil anos) e perdura ata os nosos días na filosofía de Nietzsche (O nacemento da traxedia), a novela de Thomas Mann (Morte en Venecia), a película de Visconti (Teoreme) ou a novela de Vargas Llosa (Lituma nos Andes).

Dionisio concédenos aos humanos a felicidade suprema da bacanal que nos conduce a “poñer as almas en común”.

Dionisio chorrea sobre a terra viño e ábrelles aos humanos o seu paraíso salvaxe, a alteridade, o que está prohibido. Dáselles a todos (homes e mulleres); é o deus á vez transgresor, pero tamén a chama viva que busca a paz. É un deus errante que navega sen rumbo, xerador de danzas frenéticas, pero tamén é o perseguido, o doente ou o moribundo, e todos os que o acompañan e son rozados polo seu amor deben compartir con el o seu *tráxico*? sino.

Dionisio celebrou o seu último nacemento, xerando utopías que oscilan entre a sabedoría tráxica e o nihilismo narcótico, pero sempre renace con Eros en forma de luz.



Teatro



23 marzo

CENTRO DRAMATICO NACIONAL / OCTUBRE PRODUCCIONES

Si no te hubiese conocido

Dirección:

Sergi Belbel

Elenco artístico:

Marta Santandreu, Marta Hazas, Óscar Jarque, Unax Ugalde

Duración:

100 min.

Se puideramos viaxar cara a atrás no tempo e cambiar aquela decisión que tomamos nun momento determinado, seríamos os mesmos que na actualidade ou esas outras eleccións teríannos convertido en persoas distintas? Existe realmente unha realidade paralela para cada unha das decisións que desestimamos na vida?

Eduardo, home de negocios, moi namorado da súa muller Elisa, provoca involuntariamente unha traxedia. Óscar e Clara, os seus mellores amigos, intentan axudarlle infructuosamente. Para superar o seu trauma, Eduardo introdúcese nun labirinto de pensamentos

confusos e caóticos e consegue viaxar cara a atrás no tempo. O seu obxectivo é reencontrar a Elisa viva e intentar, por todos os medios, evitar coñecela para, así, borrar a traxedia da súa futura e traumática perda.

En palabras do director, Sergi Belbel: “Por qué este tópico de cargarse o amor cando nun mundo tan agresivo coma no que vivimos é o único ao que verdadeiramente podemos agarrarnos, o único que nos dá un pouco de salvación? De aí naceu esta historia de amor, amor máis aló da morte, en mundos paralelos, unha historia na que o amor sempre é o motor da situación e do desexo das personaxes.”



Teatro



30 maio

PENTACIÓN

**Cinco horas con Mario,
de Miguel Delibes**

Dirección:

Josefina Molina

Elenco artístico:

Lola Herrera

Duración:

80 min.

Estamos en marzo de 1966. Carmen Sotillo acaba de perder o seu marido Mario de forma inesperada. Unha vez que as visitas e a familia se retiraron, ela soa vela durante a última noite o cadáver do seu home e inicia con el un monólogo-diálogo no que descubrimos as súas personalidades e os conflitos do seu matrimonio.

Cunha forma entrecortada, detallista ao mínimo, reiterativa e chea de tópicos, Carmen Sotillo di cousas, manifesta sentimentos e emite xuízos que a moitas persoas hoxe lles poden parecer increíbles. Pero damos fe de que esa linguaxe existía, de que eses xuízos se emitían, de que esas “cousas” de Carmen estaban na vida de todos os días.

“Cinco horas con Mario” é, entre outras moitas cousas, un documento vivo deses anos. Das preocupacións económicas, relixiosas, políticas, sexuais e morais entón imperantes que Delibes, a través da linguaxe da súa protagonista, deixou retratadas con nitidez, de forma que a vida española de entón chega a palpitar viva nas súas palabras.

Pero, por riba de todo isto, “Cinco horas con Mario” fálanos dos asuntos eternos do ser humano: da culpa, da soidade, da incomunicación, do sentido da vida. Como sempre en Delibes partindo dun localismo concreto encarna nas súas personaxes e nos seus conflitos as realidades máis profundas e complexas que condicionan a nosa vida.

Música



22 marzo

VÍCTOR MANUEL

Casi nada está en su sitio

Presentación do seu novo traballo “Casi nada está en su sitio”
Duración: 70 min.



18 maio

LEILÍA

Cantar-Elas (30 anos de Leilía)

Concerto de folk tradicional coas 6 compoñentes do grupo
Duración: 75 min.

Ás portas de facer 30 anos xuntas, Leilía afronta este aniversario coa presentación dun novo espectáculo que revise a súa discografía, a súa traxectoria musical fiando as súas orixes coas aprendizaxes adquiridas ao longo destes anos.

Importe entradas:

• Público Adulto

zona A **10 €**

zona B **8 €**

Descontos:

- 20 % persoas en paro, - de 30 anos, pensionistas e asociados á AAAG.

• Bono Clásico

(4 funcións) **25 €**

• Concerto de

Víctor Manuel 20 €,

-10 % para persoas en paro, -30 anos, pensionistas e asociados á AAAG.

• Público Familiar

Adultos **4 €**

Nenas/os **2 €**

Adquisición:

Bonos Clásico

• **Oficina de Turismo**,
(Pr do Campo, 11
T. 982 251 658)

• No portal web
entradaslugo.es
ata o **8 de febreiro**.

Entradas

• No portal web
entradaslugo.es

• **Oficina de Turismo**
ata 3 h. antes
do comezo de
cada función.

• No **auditorio**, o día
da función, desde
unha hora e media
antes do comezo
do espectáculo.

* As persoas que
adquiran entrada con
desconto deberán
acreditarse na
porta de acceso.

Importante:

• Non se permitirá o
acceso á sala unha
vez comezada a
función, nin con
comida e bebida.

• Prohíbese a toma
de fotografías
e gravación do
espectáculo, tanto
no que se refire a
son coma a imaxe,
a excepción dos
medios gráficos
previamente
autorizados.

Neste 1º semestre
habrá outras
programacións
que se difundirán
a través de
www.lugo.gal e terán
programa propio:

- **Ciclo MilhSons**
- **Semana da Danza**
- **LugoMáxico**
- **Entroido**
- **Semana Santa**
- **Teatro Universitario**
- **Encontro de Danza**, etc.

+ info:

- No **010** ou desde fóra de Lugo, no T. **982 297 350**
- Na nosa web e RRSS

www.lugo.gal



[fb.com/LugoTurismo](https://www.facebook.com/LugoTurismo)



[@lugoturismo](https://twitter.com/lugoturismo)



Concello de Lugo

Ven;
é
Lugo